


T1. O século XVIII. A época da Ilustración.




1. Antigo Réxime e Ilustración.
2. Cambios Políticos.
3. Cambios económicos.
4. Cambios sociais.
5. O século XVIII en España. Os Borbóns.
6. Cultura e arte.
7. Galicia no s. XVIII.



1. Antigo Réxime e Ilustración

- No século XVIII o Antigo Réxime entra en crise e se poñen as bases do mundo contemporáneo.
- Estes cambios foron promovidos pola Ilustración.
 - Antigo Réxime:
 - Termo que empregaron os revolucionarios para referirse á situación anterior á Revolución Francesa (1789-99).
 - Termo historiográfico para referirse ao sistema político, económico e social vixente en Europa na Idade Moderna (s.XV-XVIII) e que se caracteriza por:
 - Pol. : Absolutismo.
 - Ec. : Preindustrial de base agraria.
 - Soc. : Estamental baseada no privilexio.
 - Grande influencia da relixión.

1. Antigo Réxime e Ilustración



– Ilustración:

- Movemento ideolóxico xurdido en Inglaterra e nas Provincias Unidas (1680-1720) que se difunde por Europa e América desde Francia.
 - Ideas:
 - Confianza na razón (intelixencia).
 - Fe no progreso.
 - Crítica ao Antigo Réxime.
 - Teóricos e pensadores:
 - Montesquieu.
 - Rousseau.
 - Voltaire.
 - Vías de difusión:
 - Salóns ou faladoiros.
 - Medios de comunicación escrita.
 - Enciclopedia.




2. Cambios políticos.

• Antigo Réxime

- Monarquías absolutas:
 - Poder do rei:
 - Orixe divina
 - Concentra
- Sistemas parlamentarios:
 - Poder do rei:
 - Limitado por Parlamento.

Lex
Exec
Xud



• Século XVIII

- Crítica ilustrada ao absolutismo:
 - **Montesquieu:** separación de poderes
 - **Voltaire:** limitado por un parlamento
 - **Rousseau:** soberanía nacional e contrato social.

2. Cambios políticos.

- **Despotismo ilustrado**

- “*Todo para o pobo pero sen o pobo*”

- Absolutismo+progreso

- Reformas:

- Educación

- Economía

- Monarcas ilustrados:

- Fr: Luis XV

- Esp: Carlos III

- Rus: Catarina II

- Prs: Federico II

- **Relacións internacionais**

- Hexemonía (loita):

- s. XVI-1/2 XVII

- Europea e colonial

- M.^a Hispánica

- 1/2 XVII- XVIII

- Europea

- Francia

- Colonial

- P.U., Ingl e Fr

- s. XVIII

- Equilibrio europeo

- Colonial: Gran Bretaña

3. Cambios económicos.

3.1. Políticas económicas.

• Antigo Réxime

• Mercantilismo:

- Teórico: Colbert
- Riqueza.
 - Comercio (+ exportacións)= + metais preciosos
- Estado dirixe a ec^a:
 - Aranceis
 - Manufacturas
 - Colonias
 - Compañías comerciais

• Século XVIII

• Fisiocracia:

- Teórico: F. Quesnay
- Riqueza.
 - Terra (agr+minería)
- Estado non intervén en ec^a
 - “laissez faire, laissez passer”

• Liberalismo ec^o:


- Teórico: Adam Smith
 - a lei da oferta e a demanda regula a economía.
- Riqueza:
 - Traballo
- Estado non intervén en ec^a.
Funcións:
 - Defensa
 - Xustiza
 - Obras e servizos públicos

3. Cambios económicos.

3.2. Demografía

• Antigo Réxime

- Demografía:
 - **Ciclo antigo:**
 - Altas taxas de:
 - Natalidade
 - Mortalidade:
Pode ser
catastrófica
(guerras, fame,
epidemias)
 - Crecemento
vexetativo escaso




• Século XVIII

- Demografía:
 - **Transición demográfica:**
 - Descenso da
mortalidade (mellora
dieta, -epidemias)
 - Poboación europea
crece:
 - 130 a 190 mill.
 - Crece a demanda


3. Cambios económicos

3.2. Agricultura



• Antigo Réxime

- Ocupa a maioría da poboación.
- Cerealista.
- Baixo rendemento:
 - Técnicas rudimentarias.
 - Barbeito.
- Terras propiedade de nobreza e clero (señoríos)



• Século XVIII


- Innovacións melloran os rendementos:
 - Novos cultivos:
 - Millo
 - Pataca
 - Novas técnicas:
 - Rotación continua (sen barbeito)

3. Cambios económicos

3.3. Artesanía

• Antigo Réxime

- Producción:
 - Artesáns especializados.
 - En talleres urbanos
 - Monopolizada polos gremios




• Século XVIII

- 2 novas formas de producción para evitar control dos gremios:
 - **Traballo a domicilio** (domestic system):
 - Campesiños nas súas casas.
 - Empresario capitalista:
 - M^ap^a, salarios e ferramentas.
 - Comercializa
 - **Manufacturas:**
 - Artesáns especializados.
 - Grandes Talleres.
 - Artigos de luxo, armas...
 - Para o Estado ou particulares.

4. Cambios sociais

• Antigo Réxime:

- **Sociedade estamental**
 - Baseáse no **privilexio** (desigualdade xurídica), non traballar, exención fiscal, leis propias, cargos e honras.
- **3 estamentos:**
 - 2 privilexiados
 - Nobreza
 - Clero
 - 1 non privilexiado:
 - 3º Estado (campesiñado e grupos urbanos)



• Século XVII:

- **Ilustrados:**
 - Critican a privilexiados:
 - Nobreza non ten unha función útil.
 - Clero ten excesivo n.º, riqueza e influencia.
 - Propoñen división social baseada en:
 - **Mérito e utilidade social.**

4. Cambios sociais.

- A burguesía:
 - Grupo cada vez máis enriquecido, numeroso e activo.
 - Ten poder económico pero non político.
 - Quere que se recoñezan os seus méritos cun maior papel social e político.
 - En Francia impulsará un movemento revolucionario que rematará co Antigo Réxime (Revolución Francesa de 1789)

5. O século XVIII en España. Os Borbóns.

- Carlos II morre en 1700 sen descendencia tras designar sucesor no seu testamento ao Borbón Felipe de Anjou (neto de Luis XIV de Francia), que reinará como Felipe V.
- A posible reunión na súa persoa das 2 coroas (España e Francia) -rompendo o equilibrio continental- leva a Gran Bretaña a encabezar unha coalición de países que apoia a candidatura de Carlos de Austria (2º fillo do emperador alemán).
- Estoupa a guerra de Sucesión á coroa española (1700-1713).

5.1 A guerra de Sucesión (1700-1713)

- A guerra de Sucesión ten un dobre carácter:
 - Internacional:
 - Fr+Esp (Borbóns) vs G.B.+Provincias Unidas+Savoia+Port.
 - O acceso de Carlos ao trono imperial en 1711 trala morte de seu pai e do seu irmán maior levou aos inimigos dos Borbóns a negociar a paz.
 - O conflito remata coas paces de Utrecht (1713) e Rastatt (1714). Felipe V renuncia ao trono francés e compensa a GB e aliados coas posesións españolas en Europa. A máis beneficiada é Gran Bretaña que obtén Xibraltar, Menorca e vantaxes comerciais coa América Hispana (asento de negros e navío de permiso).
 - Nacional:
 - Partidarios de Felipe V (Castela) vs partidarios do arquiduque Carlos (coroa de Aragon).
 - Remata coa vitoria de Felipe V (1715), que impón o absolutismo e a centralización político-administrativa (Decretos de Nova Planta).

5.2 As reformas borbónicas.

- Cos primeiros Borbóns: Felipe V(1700-1746); Fernando VI (1746-59) e Carlos III (1759-88) chegaron as ideas ilustradas e as reformas. Ambas tiveron un alcance limitado polo escaso desenvolvemento da burguesía; a oposición dos privilexiados e a indiferenza/hostilidade do pobo.
- Destacaron os ministros Jovellanos, Campomanes, Floridablanca e Aranda.

a) as reformas políticas

- Implantan o absolutismo, concentrando o rei todo o poder:
 - Apartando á nobreza.
 - Intervindo nos asuntos da Igrexa (regalismo).
 - Gobernando con secretarios de despacho ou ministros, sen apenas convocar as Cortes.
- Centralización político-administrativa:
 - Decretos de Nova Planta (implantando o modelo castelán nos territorios da coroa de Aragón).
 - Organización do territorio en provincias (capitán xeral) e intendencias (Facenda).

b) reformas económicas e sociais

- Creación de Sociedades Económicas de Amigos do País que difundiron innovacións.
 - Agricultura:
 - Novos cultivos e técnicas: millo e pataca; regadíos, rotacións continuas e fertilizantes.
 - Repoboación e colonización de terras (Serra Morena).
 - Industria:
 - Manufacturas reais: artigos de luxo e armas.
 - Estaleiros.
 - Comercio:
 - Interior: rede radial de estradas (Madrid-portos periferia).
 - Exterior: liberdade de comercio coas colonias americanas (1778).
 - Sociais:
 - Decretáronse honrosas todas as profesións.
 - Expulsión dos xesuítas por oporse ao regalismo.

c) Política exterior

- Obxectivos:
 - Recuperar as posesións europeas perdidas en Utrecht.
 - Preservar as colonias americanas dos intereses británicos.
- Instrumento:
 - Pactos de Familia (1733, 1743, 1761).
- Fases:
 - Felipe V: **reversionismo** de Utrecht para conseguir posesións para os seus fillos con Isabel de Farnesio. Recupera Nápoles e Sicilia.
 - Fernando VI: **neutralidade**.
 - Carlos III: **intervencionismo**. Guerra dos 7 Anos (1756-63) e guerra de independencia das colonias americanas (1775-1783). Recupera Menorca.


6. Cultura e arte.

- Cultura:
 - Os ilustrados fomentaron a educación pública para lograr o progreso económico e social.
 - Potenciaron as “ciencias útiles” (medicina, CCNN, mat., fís., quím., xeol.), a lingua e a historia (academias).
- Arte:
 - 1ª ½ s. XVIII. Rococó:
 - Aristocrática e frívola.
 - Destacan:
 - Decoración de interiores (estucos con formas caprichosas, influencia oriental...)
 - Pintura: temas frívolos (galantes, exóticos, costumistas...) en cores pasteis. Watteau e Fragonard.
 - 2ª ½ s. XVIII. Neoclásica:
 - Burguesa e racional.
 - Arquitectura: modelos grecorromanos de formas puras e sinxelas. Edificios públicos. Ex. Museo do Prado e Observatorio astronómico de Juan de Villanueva.
 - Escultura: beleza ideal, retratos e temas mitolóxicos. Destaca Antonio Canova.
 - Pintura: Primacía do debuxo, composicións equilibradas e temas mitolóxicos e históricos. Destaca David.

7. Galicia no s. XVIII.

- Sociedade:
 - Fidalguía acumula poder grazas ao control dos foros (subforeira) que a Real Provisión de 1763 perpetúa ata 1926 (Decreto de redención dos foros de Primo de Rivera). Símbolo do seu poder é o pazo.
 - Emigración (2ª ½ s. XVIII) polo crecemento demográfico:
 - Temporal a Castela, na época da sega.
 - Permanente a Portugal, Madrid e América.

7. Galicia no século XVIII.



- Cultura:

- A Ilustración:

- Ilustrados galegos forman parte do clero. Destaca frei Martiño Sarmiento pola defensa do uso do galego no ensino, a Adm. e a Igrexa.
 - Institucións de carácter ilustrado como as Sociedades Económicas de Amigos do País de Lugo e Santiago que promoven novos cultivos e escolas de fiado.

- Arquitectura e urbanismo neoclásicos:

- Edificios deseñados por enxeñeiros militares:
 - O Pazo de Raxoi no Obradorio en Santiago (Carlos Lemaury).
 - O Arsenal de Ferrol (Jorge Juan e Sanchez Bort).
 - Urbanismo racionalista:
 - Barrio da Madalena en Ferrol.
 - Arquitectura relixiosa:
 - Fachada da catedral de Lugo.
 - Concatedral de San Xiao en Ferrol.
 - Colexiata de Santa María de Vigo.